



A Dirección Xeral de Xuventude, como participante da Campaña de verán 2026, no programa de **intercambios bilaterais con outras comunidades autónomas**, infórmate sobre a túa incorporación:

## ACTIVIDADE

**Aventura e Ecoloxía. Narbaixa. Álava**  
Datas: **do 1 ao 11 de agosto de 2026.**

Instalacións: **Albergue Xuvenil de Barria**, Bernardo Deuna kalea, 01208 Barria, Araba (Álava).  
Teléfono: 945 317 132

## SAÍDA

DATA: **1 de agosto de 2026**

HORA: **09:00 horas**

LUGAR DE SAÍDA: **Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia** (Entrada Principal) R/ Miguel Ferro Caaveiro, s/n. San Lázaro 15703 Santiago de Compostela

## REGRESO

DATA: **11 de agosto de 2026**

HORA DE SAÍDA: **Despois do almuerzo** (a hora aproximada de chegada será comunicada telefonicamente polas persoas participantes)

## NOTAS

1. Terás que levar comida para a viaxe de ida.
2. As persoas participantes nesta actividade irán acompañados dun monitor da Dirección Xeral de Xuventude.
3. A equipaxe ten que ser moderada. A capacidade do autobús é limitada e, polo tanto, o exceso de equipaxe quedará en terra.
4. No caso de non ter entregado o modelo de **autorización para facer fotografías** durante o desenvolvemento dos campamentos, asinada polos teus pais ou titores, poderás facelo o día da saída. Tamén deberás entregar a **autorización para a túa recollida** (só no caso de que non sexan os teus pais ou titores os que te recollan á volta). Estas autorizacións debes entregarllas ao monitor acompañante cando te incorpores ao autobús.
5. **Equipamento e documentación.** Comproba as indicacións da **Información xeral "Albergue Xuvenil de Barria"** (na segunda páxina deste documento)

## COMUNICACIÓN (importante)

Se levas teléfono móbil, lembra que, debido a situación das instalacións, pode haber dificultades de cobertura. Na instalación determinarase as horas concretas para a comunicación telefónica. **Non chamar directamente a instalación salvo en caso de urxencia.**



## Aventura e Ecoloxía no Albergue Xuvenil de Barria 1-11 Agosto 2026

### Instalación e entorno

O albergue de Barria é un antigo Monasterio cisterciense rehabilitado como albergue xuvenil. Conta con amplas zonas verdes, aulas de reunión e/ou actividades, wifi, campos de deportes, espazos verdes compostos por una horta ecolóxica, un galiñeiro e unha cociña solar, xogos para os máis pequenos e piscina.

### Enlace da Instalación

<https://gazteria.araba.eus/es/-/albergues-barria>

### Descrición da actividade

Piscina, iniciación hortícola, xogos, actividades de deporte-aventura como escalada, rapel e manexo de cordas, espeleoloxía e barranquismo.

Saída turístico-cultural a Vitoria-Gasteiz e a praia a Donostia/ San Sebastián.

**NOTA:** para ser admitido neste campamento **é necesario saber nadar.**

### Documentación

- DNI
- Tarxeta sanitaria
- **Certificado ou informe médico obrigatorio en casos de dietas especiais, medicación ou enfermidades.**

### Roupa

- Calzado adecuado (zapatillas deportivas e outro calzado apropiado para andar polo monte).
- Roupa cómoda e de abrigo (pantalóns cortos e longos, camisetas, chándal, algún xersei, roupa que se poida manchar,...).
- Bañador, toalla de piscina, crema de sol, chanclas cerradas (para actividades náuticas).
- Toalla de aseo, muda, roupa para durmir e neceser de aseo.

### Equipo

- Saco de durmir, almofada persoal e mochila pequena para excursións.
- Cantimplora e lanterna.